

Cando o *rubor sanguinis* se torna xeo

MV GARCÍA

Despois de Godot

Filósofos como Roman Ingarden ou Umberto Eco e teorizadores da literatura como Wolfgang Iser teñen destacado a importancia da lectura como un acto de creación, toda vez que só mediante ela a obra chega a existir realmente. O lector, pois, actúa como un verdadeiro hermenauta, porque a comprensión sempre esixe unha actitude interpretativa que depende da nosa capacidade de asignar significados aos significantes.

Hai textos diáfanos. Outros, porén, están cheos de baleiros, e as posibilidades da lectura dependen da capacidade dos intérpretes, da súa habilidade hermenéutica. Hai textos instalados na claridade e outros deliberadamente escuros. Tamén hai textos fráxiles, evidentes, contraditorios, plúmbeos, liviáns, prescindibles... En moitas ocasións a distancia entre aquilo que se denominou “lector in fabula” e lector real pode ser considerable, polo que non sempre resulta doado chegar ao que poderíamos considerar unha lectura razoable. Por iso, en bastantes ocasións, a interpretación non ten límites, nin é posible poñerllos, en función da apertura e abstracción do texto.

Falamos de vida e morte. A crónica podería entenderse como unha práctica que procura a preservación de corpos humanos e animais a partir dun grao de conxelación que aparentemente os mantén nun estado de susceptible reanimación futura. A crío-xénese, tal e como se formula nesta obra de Afonso Becerra de Becerreá, tamén se podería considerar como esa xénese pola que pregunta Omega, un dos personaxes da obra, antes de que a súa esencia translúcida se converta en po brillante que alza o voo.

Crio-Xénese admite interpretacións múltiples ao tratarse dun texto aberto, inzado de simbolismos, que aumentan aínda máis a pouco que o lector colabore. O simbolismo da cor; a poderosa imaxe desa terra erma, na que moi de cando en vez semella intuírse a presenza dunha corrente de ar cangada de presaxios; o poder do silencio; as referencias a unha figura que se ten convertido en emblema, como Godot; a forza dos motivos, como esa acción de esperar, ou, máis ben, de estar; a dirección do tempo, que se debate

A pesar de todo canto se ten dito contra a palabra e a favor da súa substitución pola imaxe, resulta moi difícil renunciar á esa fermosa herdanza que fai que sexamos todo o que somos. Con palabras construímos o mundo, pero tamén nos construímos a nós mesmos, e aos outros. Somos, máis que ningunha outra cousa, palabra. Alfa e Omega, os dous personaxes que habitan o mundo terminal, ou primixenio, que recrea Afonso Becerra de Becerreá, enchen os silencios con palabras, pois a palabra é o elemento que alenta a conciencia. Sen palabra non hai tempo, como nos mostraba Stanley Kubrick naquelas iluminadoras primeiras secuencias coas que come-

A dor do silencio

za a súa lectura da historia da civilización. Preguntaba Manuel Lorenz, no prólogo a este texto, a respecto da cor do silencio, pero cabería tal vez preguntarse a respecto da posibilidade mesma do silencio (e da súa vivencia), pois como nos ensinan os mestres do budismo zen, o

sínon non tería límites. Cómpre, xa que logo, diferenciar entre estar calado e estar en silencio, pois o silencio só chega cando as palabras xa non son necesarias, cando a iluminación se converte en xénese. Pero ese silencio tamén chega coa morte, e entón doe.

Onde é que van Alfa e Omega, cando se convierten en partículas de po brillante, ou cando o xeo dos seus corpos se derrete e evapora nas ás da máis pura condensación? Non serán, por un acaso, dúas simples estatuas de xeo que recollen as vivencias nas presenzas que se reflicten na súa superficie translúcida? De certo no; mais entón... ula, a montaña; ula, a terra do avó?

entre a recta e a elipse, pois só neste último traxecto é posible o retorno eterno; o nome duns personaxes denominados Alfa e Omega que remiten aos relatos bíblicos, á simboloxía hebrea e cristiá, tamén á apocalipse.

Os problemas aumentan de considerar-

mos os niveis en que se sitúa o diálogo dos personaxes, que por veces semella unha simple comunicación telepática. Hai referencias a un tempo anterior, a un “daquela”, no que tería acontecido un “accidente”, a un episodio de sangue, sen que se poida precisar nin a súa natureza nin a súa existencia. Son dous personaxes que están espidos, brancos coa neve, que por veces soñan ser estatuas de mármore, pero que tamén poderían ser cadáveres nun depósito forense, que viven o tránsito ao baleiro final. Entre eses niveis da comunicación tamén está aquel no que Alfa e máis Omega buscan respostas, o dominado por pausas que imaxinan a m o s enormes, ou

aqueloutro no que abrollan imprecacións que poderían remitir a un pasado, no que os dous corpos nus estarían “encarnados”. Mais no estado en que agora se encontran, máis alá dos fíos dun tempo que xa foi (ou que virá), xa non senten sexos, nin necesidades, non hai viño tinto nin obxectivos, só un estar que se converte en nada, en silencios ou en palabras que se din para ter a sensación de agardar.

Estamos ante unha reflexión a respecto da morte, e das súas sombras? Unha visión do que pode ser a eternidade, da inmortalidade insufrible que recrea Borges de forma maxistral? Unha lectura irónica do que poidan vivir dúas persoas que confían o seu futuro aos avances da ciencia e agardan inermes por unha reanimación incerta? A derradeira conversa de dous amigos, dous amantes, despois dun accidente mortal, nesa fracción de segundo na que a nosa vida se nos mostra a unha velocidade indíble? Quen sabe. Cada un de nós encherá os baleiros e actualizará o texto como saiba ou como mellor lle conveña.

BECERRA DE BECERREÁ, Afonso, *Crio-Xénese*, Edicións Laiovento, 2007, 90 páxinas.

